



CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Forte s/n
15881 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es
CIF: P-1501200-H

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE BOQUEIXÓN E A FEDERACIÓN GALEGA DE ESPELEOLOXÍA PARA A REALIZACIÓN DE VISITAS GUIADAS DA COVA DO PICO SACRO.

Boqueixón, na data da sinatura electrónica.

REUNIDOS:

Dunha parte, D. Ovidio Rodeiro Tato, como alcalde do Concello de Boqueixón, con enderezo en Forte, s/n. Boqueixón, 15881 A Coruña.

Doutra parte, D. Gonzalo Villarrea Carreiras, como Presidente da Federación Galega de Espeleoloxía, con enderezo en Rúa Fotógrafo Luís ksado, nº 15 oficina 17- casa do deporte, 36209 Vigo.

Ambas partes, recoñecéndose mutuamente capacidade xurídica suficiente, subscriben en nome e representación ás respectivas entidades, o presente documento e ó efecto.

EXPOÑEN:

PRIMEIRO. Que o Concello de Boqueixón ten a titularidade do recurso "Pico Sacro" e dentro da súa responsabilidade institucional e dentro dos seus obxectivos patrimoniais, culturais e sociais atópase a conservación, protección, posta en valor, promoción e fomento do coidado de dito recurso por parte da poboación.

SEGUNDO. A Federación Galega de Espeleoloxía ten entre os seus obxectivos a colaboración no coidado, fomento da protección, dar a coñecer de xeito controlado e guiado co fin de fomentar a conservación dos recursos espeleolóxicos significativos galegos, así como tamén o fomento do deporte e dos valores positivos vinculados co mesmo.

TERCEIRO. A Cova do Pico Sacro conta con dúas entradas, situadas a 514 m de altitude (UTM 545248,27; 4739568,31) e a 505 m (UTM 545276,89; 4739554,28). A cova subdivídese en catro zonas, todas con toponimia contrastada:

- Zona I: o Pazo da Raiña Lupa. Entrada superior, galería subhorizontal ascendente-descendente de 16 m, e enlaza coa cota 0 do pozo central.
- Zona II: o Pozo do Pico. Pozo central, pendente media de 60º, percorrido vertical total de 32 m, e desenvolvemento de 14 m entre as cotas +13 m e -19 m. Diferéncianse dúas subzonas:
 - Subzona II-A: a Cheminea. Parte superior do pozo.
 - Subzona II-B: o Pozo do Pico. Vertical de 21 m, que chega ata o denominado Burato dos Mouros, onde se une coa Contramina de Juan Antón.
- Zona III: a Contramina de Juan Antón. Entrada inferior formada por un pozo artificial cunha pendente de 50º, e unha vertical, actualmente de 10 m. Por el accédese ás zonas II e IV.
- Zona IV: o Burato dos Mouros. Zona de unión entre o Pozo do Pico e a Contramina de Juan Antón. Este paso, na topografía realizada no ano 1956 polos irmáns Veiga, do Clube Montañeiros Celtas de Vigo, tiña unha altura de 4 m; pero actualmente reducida a unha gateira de uns 50 cm pola que se pode acceder a base do do Pozo do Pico da subzona II-B.



CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Forte s/n
15881 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es
CIF: P-1501200-H

CUARTO. Tanto a Federación Galega de Espeleoloxía como o Concello de Boqueixón coinciden plenamente nestes obxectivos comúns, co que ambas partes manifestan a súa vontade de establecer un marco de colaboración para a realización de visitas guiadas nas covas do Pico Sacro que levan a efecto con suxeición ás seguintes:

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA. MARCO XERAL DA COLABORACIÓN E OBXECTIVOS.

A finalidade do presente convenio consiste no establecemento dun acordo polo que o Concello de Boqueixón se compromete a desenvolver xunto coa Federación Galega de Espeleoloxía un programa de visitas guiadas culturais, deportivas e turísticas nas covas do Pico Sacro e a regulamentación das citadas visitas entre o público en xeral, deportistas, clubs deportivos, entidades culturais e deportivas, co obxectivo de:

1. Posta en valor e difusión do patrimonio cultural e histórico do Pico Sacro e das covas.
2. Facilitar o coñecemento e fomentar o coidado medio ambiental do Patrimonio Natural das Covas do Pico Sacro e o seu entorno ó público en xeral e ós centros educativos como entidades.
3. Contribuír a mellorar o deporte base e formar ós federados en espeleoloxía, baixo 3 ideas: deporte como saúde, fomentar a educación sobre esta disciplina e mellora da práctica deportiva.
4. Fomento do deporte na natureza e da vida saudable baseado no respecto polo patrimonio natural.
5. Promoción a nivel turístico do patrimonio xeolóxico pero baseada na protección e fomento do coidado do medioambiental.

SEGUNDA. COMPROMISOS DAS PARTES.

A Federación Galega de Espeleoloxía comprométese a:

1. Formalizar legalmente durante a vixencia do presente convenio e durante a programación das visitas, os seguros de responsabilidade civil e de accidentes precisos para poder desenvolver as visitas guiadas para participantes e guías.
2. Organizar o equipo de traballo necesario para poder desenvolver as visitas espeleolóxicas nas covas do Pico Sacro, realizar o guiado das visitas ás covas con técnicos deportivos titulados segundo o establecido no Real Decreto 64/2010, de 29 de xaneiro, polo que se establece o título de Técnico Deportivo en espeleoloxía e se fixan as ensinanzas mínimas e os requisitos de acceso; as Cualificacións Profesionais: AFD 503_2 Guía de Espeleología y AFD 504_2 Iniciación Deportiva en Espeleología (BOE 04/03/2011) ou o Certificado de profesionalidad AFDA Guía de Espeleología recollido no R.D. 982/2017 de 13 de decembro. Será a Federación Galega de Espeleoloxía a que establecerá a relación laboral cos técnicos que guiarán as visitas.
3. Aprovechando ós/ás participantes co equipamento (monos desbotables, luvas, cascos con sistemas de iluminación, baterías, etc) necesario para desenvolver de xeito seguro a actividade.
4. A Federación Galega de Espeoloxía financiará con cargo ós seus orzamentos: os seguros de accidentes e responsabilidade civil dos participantes, o seguinte material necesario para o desenvolvemento das baixadas:

32 mosquetóns con seguro
10 mosquetóns HMS con seguro
10 descensores



CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Forte s/n
15881 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es
CIF: P-1501200-H

10 cabos dobres de anclaxe
14 cascos de espeleoloxía con iluminación
6 aseguradores
60 metros de corda semiestática de tipo A
5 sacas de espeleoloxía
Guía titulado por cada cinco visitantes

5. Presentar unha previsión/valoración anual dos custos asumidos pola Federación en concepto de material técnico para equipar a cavidade e para a progresión na baixada dos participantes, custos que subvencionará o concello de Boqueixón:

Luvras de traballo L
Luvras de traballo M
Luvras de traballo S
Pilas para cascos (Paquete de 4 pilas)
Desprazamento guía (295 km/día)

6. Xustificar con data límite do 15 de outubro de 2024 ante o concello de Boqueixón a cantidade de 725,20 € referente ós custos asumidos cos conceptos dos materiais técnicos e desprazamentos arriba detallados. Para proceder o concello ó ingreso da citada cantidade no número de conta do que sexa titular a Federación Galega de Espeleoloxía. A xustificación debe conter a seguinte documentación:

- facturas dos gastos e declaración xurada dos despramentos relativos á actividade desenvolta no 2024
- xustificantes bancarios correspondes
- certificados acreditativos de non ter débedas coas Administracións Públicas con potestade tributaria e coa Seguridade Social
- declaración xurada de non estar en ningún dos supostos de prohibición para a percepción de subvencións que se establece nos artigos 10 e 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- memoria final anual onde se recollan datos estadísticos de visitantes (número total, idades, sexo, procedencia, etc), ingresos totais percibidos, incidencias, etc.
- xustificantes da publicidade realizada da axuda percibida.

7. Ser a entidade xestora da organización das visitas e dos grupos de participantes, contratación dos seguros de RC e accidentes pertinentes, das incidencias que poidan xurdir e do mantemento, desinfección e cambios necesarios no equipamento para os/as participantes e guías. Informando das posibles incidencias ou variacións no desenvolvemento das visitas ó concello de Boqueixón.

8. Ser a entidade xestora e receptora final do cobro das visitas ós/ás participantes.

9. Reservar 16 prazas para as visitas ó ano para pór á disposición do concello de Boqueixón de xeito gratuito. Estas 16 prazas serían a maiores das 160 prazas ofertadas ó publico xeral.

10. Publicitar a axuda económica do concello para a realización da actividade.

O Concello de Boqueixón comprométese a:

1. Manter a autorización pertinente do Servizo de Patrimonio Cultural para a realización da actividade.



CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Forte s/n
15881 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es
CIF: P-1501200-H

2. Realizar e coordinar a difusión e promoción da actividade nos medios de comunicación, redes sociais, web, etc.
3. Ingresar na conta bancaria da Federación Galega de Espeleoloxía 725,20 € en concepto de colaboración e apoio para a realización das visitas guiadas espeleolóxicas, previa presentación da conta xustificativa ante o concello de Boqueixón dos gastos efectivamente realizados para a realización da actividade.
4. Non percibir ningúnha cantidade económica relativa ó cobro das visitas nin da actividade en xeral.
5. Tramitar anualmente a xestión do convenio de colaboración para a realización das visitas espeleolóxicas.
6. Permitir o uso do Centro do Interpretación do Pico Sacro ou instalacións anexas para impartir formación previa nas visitas deportivas e para gardar o equipamento necesario dos participantes e dos guías para as visitas.

TERCEIRA. VIXENCIA.

O presente convenio terá vixencia dende o 8 de xuño de 2024 ata o 31 de decembro de 2024.

CUARTA. PROGRAMACIÓN DE VISITAS.

PROGRAMACIÓN INICIAL:

Visitas turísticas os días: 08/06/24, 29/06/24, 13/07/24, 27/07/24, 10/08/24, 24/08/24, 07/09/24 e 21/09/24.

A execución das actividades realizarase entre o 08/06/24 e o 21/09/24.

Nas seguintes quendas cada día:

- 10:00h.- 12:00h
- 12:00h.- 14:00h.
- 16:00h.- 18:00h.
- 18:00h.- 20:00h.

Participarán un total de 5 persoas en cada quenda, sumando 20 persoas/día e un total de 160 persoas ó peche da actividade no 2024.

Esta programación inicial está aberta a modificacións dependendo da climatoloxía.

UBICACIÓN: A visita á cavidade será integral, accedendo polo Pazo da Raíña Lupa (entrada superior) e saíndo pola Contramina de Juan Antón do Pico Sacro.

ORGANIZACIÓN:

As visitas organizaranse en grupos pechados de máximo 5 persoas/ quenda. Estarán abertas ó público a partir de 12 anos (válido se cumpren os 12 anos ó longo do 2024).

Organizaranse mediante inscrición previa cos datos persoais e de contacto necesarios dos/as participantes no formulario web creado con este fin, aloxado en espeleoloxia.org e que unha persoa designada pola Federación xestionará.

Os custos das visitas guiadas serán os seguintes:

- Custo xeral: 30€ por participante
- Empadroados no concello de Boqueixón: 20€ por participante
- Os participantes de entre 12 anos (válido se os cumpren ó longo do 2024) e 18 anos: 15€ por participante.

Os/as participantes deberán ingresar directamente na conta bancaria que a Federación Galega de Espeleoloxía indique.



CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Forte s/n
15881 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es
CIF: P-1501200-H

Os/as participantes non precisan coñecementos previos de técnicas de espeleoloxía para realizar a baixada.

O punto de encontro para participantes será o Centro de Interpretación do Pico Sacro en Cachosenande- Lestedo. As persoas participantes asinarán a declaración xurada na que fan constar que se atopan nunha situación médica idónea para realizar a visita á cova e procederase coa formación impartida por monitores da escola de espeleoloxía para instruílos sobre o uso do equipamento e facer unha práctica con este equipamento.

Unha vez finalizada a práctica, cada participante sube no seu propio vehículo ó Pico Sacro e iníciase a baixada á cavidade.

EQUIPAMENTO PARTICIPANTES: Facilitarase ós/ás visitantes todo o material que precisen para poder realizar as visitas cumprindo coas medidas de seguridade (mono, casco con luz, luvas, arnés, cinturón de peito, corda de seguro, descendedor, escaleira de cable).

REGULAMENTO:

En ningún caso os/as visitantes poderán levantar ou extraer pedras ou sedimentos das covas, nin ningún tipo de manipulación das formacións das covas e deberán pisar nos lugares indicados polo guía.

Os/as visitantes deberán seguir en todo caso as indicacións de seguridade que lles de o guía, tanto na formación que se lles imparta no Centro de interpretación como na visita á cova

QUINTA. NORMATIVA APLICABLE.

O presente convenio será interpretado e cumprido nos seus propios termos e, no previsto, rexerese pola lexislación española na materia, axustándose a mesma ás obrigacións e responsabilidades das partes.

Para a resolución de calquera conflito que se expoña en canto á interpretación, desenvolvemento ou execución do presente convenio, as partes sométense á xurisdición dos Xulgados e Tribunais competentes.

E para que así conste e en proba de conformidade, asínase o presente documento e a un só efecto no lugar e data indicados no encabezamento.

Ovidio Rodeiro Tato, alcalde- presidente do concello de Boqueixón.

Gonzalo Villarmea Carreiras, presidente da Federación Galega de Espeleoloxía